



Concello de Vilalba

ACTA DA XLVII EDICIÓN DO PREMIO DE POESÍA DO CERTAME LITERARIO DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA

Na Casa Consistorial, sendo as 12:00 horas do día 20 de agosto de 2021, baixo a presidencia da alcaldesa M^a Elba Veleiro Fernández, en substitución da Concelleira de Cultura, Comunicación e Igualdade, e actuando como secretaria a técnica de cultura M^a Sonia García Paredes, constitúese o xurado de valoración do "XLVII edición do Premio de Poesía do Certame Literario do Excmo. Concello de Vilalba" do que forman parte :

_Darío Villanueva Prieto, Membro da Real Academia Española.

_Ramón Villares Paz, Catedrático de Historia

_Xulio Xiz Ramil, Xornalista

_Fidel Fernán Vello, Director do Grupo de Radio Principal. O cal non puido comparecer debido a causa de forza maior de última hora.

O xurado reúne-se co obxecto de valorar os poemas presentados ao abeiro das "Bases do XLVII edición do Premio de Poesía do Certame Literario do Excmo. Concello de Vilalba", aprobadas por Xunta de Goberno Local con data 9 de febreiro de 2021.

Vista a relación de poemas que se presentaron ao certame, un total de noventa poemarios, quedando excluídos do mesmo dezanove de eles, por non cumprir coas condicións requiridas nas bases da "XLVII edición do Premio de Poesía", e detalladas no expediente 241/2021. A resultas desta comprobación, o xurado fai a correspondente proposta de concesión do premio regulado nestas Bases:

"Lidos os setenta e un poemarios presentados ao Certame, acordan por unanimidade outorgar o XLVII PREMIO de poesía do Excmo. Concello de Vilalba 2021, dotado con 7000 euros, flor natural e diploma, ao poemario presentado co título e lema "LOUREIRO", do que resultou ser autor Xosé Xermán Lastra Muruais, con residencia en Ortigueira ."

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Concello de Vilalba

Unha vez vistas, e postas en común as valoracións dos poemas, o xurado, por unanimidade, acorda levar á Xunta de Goberno Local a concesión do premio a:

LEMA	TITULO	AUTOR	PREMIO
"LOUREIRO"	"LOUREIRO"	Xosé Xermán Lastra Muruais	7.000€, flor natural e diploma

Rematada a sesión, sendo as 13:10 horas, e para que conste, asínase a presenta acta de conformidade.

M^a Elba Veleiro Fernández

Darío Villanueva Prieto

Ramón Villares Paz

Xulio Xiz Ramil

M^a Sonia García Paredes

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815